

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de abril de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de abril de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE ACCESOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN NÚCLEOS DAS PARROQUIAS DO SALTO, VILELA, CARBOENTES, PESCOZO, ÁLCEME E ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2020

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 e final e a liquidación correspondente á obra de “Mellora de accesos e pavimentación de rúas en núcleos das parroquias do Salto, Vilela, Carboentes, Pescoso, Álceme

e Asperelo”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, por importe de CENTO DEZANOVE MIL CENTO NOVENTA E SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (119.197,32 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola enxeñeira de camiños, canais e portos e directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista NAROM S.L., por un importe de 119.197,32 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. FE221087 (FACe), de data 22/04/22, estendida pola sociedade adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 26 de abril de 2022, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra e de melloras realizadas estendido pola dirección facultativa en data 22/04/22.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CAMBA, RIOBÓ E ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2020

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 e final e a liquidación correspondente á obra de “Pavimentación de vías municipais nas parroquias de Camba, Riobó e Asperelo”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, por importe de TRINTA E CINCO MIL

TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (35.321,91 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola enxeñeira de camiños, canais e portos e directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista NAROM S.L., por un importe de 35.321,91 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. FE221086 (FACe), de data 22/04/22, estendida pola sociedade adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 26 de abril de 2022, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra e de melloras realizadas estendido pola dirección facultativa en data 22/04/22.

Sexto.- Aprobar a acta de prezos contraditorios de data 07/04/22, asinada pola contratista e a dirección da obra.

4.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

- Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A VILAMEÁ NA PARROQUIA DO AZ”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, en data abril de 2022, cun importe global de execución por contrata de CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (42.784,15 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias co data 25/04/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

5.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O REINVESTIMENTO DAS BAIXAS DEFINITIVAS PRODUCIDAS NAS XUSTIFICACIÓNS DE OBRAS INCLUÍDAS NA LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020

A Deputación de Pontevedra concedeu no seu día as seguintes subvencións, ao abeiro sa Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, con destino aos seguintes investimentos:

DENOMINACIÓN DOS INVESTIMENTOS	EXPEDIENTE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Pavimentación de vías municipais nas parroquias de Camba, Riobó e Asperelo	██████████	57.680,95 €
Mellora de accesos e pavimentación de rúas en núcleos de poboación das parroquias do Salto, Vilela, Carboentes, Pescoso, Álceme e Asperelo	██████████	197.411,40 €

O Concello ten rematados a esta data os ditos investimentos e con data 26/04/22 asináronse as correspondentes actas de recepción. Do resultado definitivo xustificado nas respectivas certificacións finais conséntase a existencia das seguintes baixas:

DENOMINACIÓN DOS INVESTIMENTOS	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA	IMPORTE BAIXA
Pavimentación de vías municipais nas parroquias de Camba, Riobó e Asperelo	57.680,95 €	46.877,31 €	10.803,64 €
Mellora de accesos e pavimentación de rúas en núcleos de poboación das parroquias do Salto, Vilela, Carboentes, Pescoso, Álceme e Asperelo	197.411,40 €	165.430,75 €	31.980,65 €

Producíronse, en consecuencia, con cargo ás subvencións concedidas ao abeiro do Plan Concellos 2020, unhas baixas por importe total de CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (42.784,29 €).

Considerando conveniente ao interese público a aplicación de ditas baixas noutro investimento que redunde en beneficio dos/as veciños/as do Concello, a Xunta de Goberno Local, debidamente informada de canto antecede e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Solicitar da Deputación Provincial, de conformidade co previsto na Base décimo novena do referido Plan (BOP núm. 1, do 02/01/20), o reinvestimento da cantidade de 42.784,15 € procedente das baixas definitivas producidas nas obras referidas, destinándoas á realización dunha nova obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A VILAMEÁ NA PARROQUIA DO AZ”.

6.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE III”,

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4, correspondente á obra de “Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III”, por importe de VINTE E SEIS MIL CATROCIENTOS OITO EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (26.408,62 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto Don Pablo Noya Suárez e polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 26.408,62 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 2217 (FACe), de data 15/04/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

7.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (BOP núm. 63, do 31/03/22) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a instalación dunha mesa expositora interpretativa redactada en tres idiomas (galego, castelán e inglés) para información en relación ao elemento patrimonial coñecido como ponte medieval de Pedroso.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial unha subvención por importe de TRES MIL CENTO SESENTA EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (3.160,52 €) para a realización da actuación denominada “*Sinalización e posta en valor da ponte de Pedroso*”.

Segundo.- Aprobar a Memoria descritiva da actuación asinada pola Alcaldía.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Susana Otero García, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou

baixa por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, con data 7 de marzo do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Non considera axeitado xustificar o incumprimento de ditos principios alegando urxencia xa que transcorreron case dous meses dende a situación de baixa da traballadora, polo que se podería ter convocada publicamente a provisión de dito posto de traballo, previa a aprobación dunhas bases. Porén, o Sr. alcalde manifesta que non se considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constata as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (20 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Dona Susana Otero García.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario, s/factura núm. P22001901 (FACe).
- ULLA OIL S.L. 1.261,92 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 4202836 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 42,83 €, 39,78 € E 45,89 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 42,83 €, 39,78 € E 45,89 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- RAQUEL BLANCO VALLADARES 39,78 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- INÉS VENCE LAMAS 39,78 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 36,72 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- OVIDIO AREÁN DIÉGUEZ 36,72 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,52 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de marzo de 2022, s/factura núm. 22FNX0065220 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 4.021,48 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de marzo de 2022, s/factura núm. 22A00042 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 € E 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/facturas núm. 20221082 e 20221131.
- TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDÁCTICOS S.L. 103,85 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 339 (FACe).
- RODOIL S.L. 230,75 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de marzo de 2022, s/factura núm. 2022/22000103 (FACe).
- RODOIL S.L. 91,19 €, 178,64 €, 158,98 €, 207,43 € E 70,82 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de marzo de 2022, s/facturas núm. 2022/22000104, 2022/22000106, 2022/22000108, 2022/22000109 e 2022/22000110 (FACe).
- RODOIL S.L. 4,00 € E 5,00 €
Por lavados do camión de recollida do lixo no mes de marzo de 2022, s/facturas núm. 2022/22000105 e 2022/22000107 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.597,76 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de marzo de 2022, s/factura núm. 2022/0753 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 642,48 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000125 (FACe).

- CARLOS DIÉGUEZ PRIMERO S.L.U. 18.016,90 €

Por transporte de aglomerado e zavorra para obras municipais, s/factura núm. 202283 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)